

Os personaxes de *A fiestra valdeira*, como xa advertiu Estelle Irizarry, son en xeral inxenuos e bondadosos. Só os femininos, a muller e maila filla do indiano, presentan algúns aspectos negativos. Os mariñeiros aparecen como farristas e bebedores, aínda que sempre nobres de corazón. Todos teñen relevo abondo nesta primeira obra de Dieste, pero a min atráeme de modo especial Matapitos, o rapaz de a bordo do balandro de D. Miguel, tanto polo especial engado, non exento (malia súa idade) de certa malicia retranqueira, como por representar o futuro do protagonista e da colectividade mariñeira. Arredor deste rillote dos mandados xorde grande parte do humorismo da peza, case sempre relacionado co tema principal, a identidade. Pero a súa significativa importancia débese a unha sobranceira función dramática; a súa inclusión na *dramatis persoane* obedece a unha sabia e elaborada planificación estrutural.

Nada máis entrar en escena, ó pouco de comezar o primeiro acto, é comparado co porviro por Balbina, a muller do vello pescador enriquecido no Brasil. Ven expresamente para preguntarlle ó seu amo se desexa que Caramañola, un mariñeiro que vai a unha cidade ou vila (coñecida por Este), lle traia de paso algo. Asemade, fainos saber da alta consideración social e moral de que goza don Miguel (repárese no tratamento) entre a comunidade de mariñeiros, pois "homes coma vostede hai poucos...". Coa referencia á vestimenta de Caramañola, o autor prepara o episodio do traxe, que terá lugar no segundo acto. O rapaz, antes de facer mutis, aínda da pé para que os vellos amigos que fican en escena parolen sobre un suceso ilustrativo da vida que levan os mariñeiros. Son todas elas sutiles anticipacións do conflito que está a piques de suscitarse, e que se suman ás xa ofrecidas antes da aparición do cativo, centradas na problemática da identidade. A través desta breve presentación, xa se lle aprecia a Matapitos agudeza e mais entusiasmo servicial. A súa dinámica intervención imprímelle un ritmo máis vivo á acción escénica, en contraste co levado ata ese momento, moi pausado.

A segunda aparición do rapaz ten lugar ó principio do lance segundo, logo dunha breve escena entre don Miguel e dona Balbina, que nos informa do desencadeamento inicial do conflito, producido durante a elipse que media entre os dous primeiros actos, e que aínda non traspasou os eidos familiares. Ó final desa escena prepárase con grande habelencia a entrada de Matapitos. O indiano déralle un traxe novo a un mariñeiro, ó "farrapento" Dourado, e fíxallo chegar por medio do rapaz, pero o mariñeiro non o

·aceptou, e Matapitos ven de volta con él na man. O Dourado reprobaba con ese xesto as intencións de don Miguel de enmendar o retrato cun fondo "máis señor", como lle pediran a súa muller e maíla súa filla. Matapitos informa asemade que o Dourado estaba acompañado dos demais mariñeiros. O conflito, polo tanto, que pasara do persoal ó familiar, estendeuse xa á colectividade.

O indiano, molesto polo rexeitamento do mariñeiro, dille ó rapaz que guinde o traxe onde queira, mesmo no chan, e Matapitos obedece ó pé da letra, a sabendas de que non era esa a intención do falar do seu amo. Sen dúbida, obedece desobedecendo; é o seu modo de rebaixar con grande sutileza a vestimenta, e o que significa, de degradar, polo tanto, o seu dono, e de solidarizarse co mariñeiro que a refugou. Don Miguel, ó pouco, decide regalalle o traxe ó neno, quen aínda que o desexa, resístese a aceptalo. É a súa maneira de tomar explicitamente partido polos seus, pola colectividade de mariñeiros. Por iso o castiga o vello a poñer a chaqueta; quedalle folgada e fica ridiculizado. Don Miguel pretende que vista coma os señores, pero o rapaz, aínda que aspira a iso, ten o seu orgullo, e non acepta esa clase de roupa. Desexa ser un home de máis señorío, pero sen deixar de pertencer á comunidade mariñeira, nin perder a súa identidade; xusto o mesmo que lle acontece a don Miguel, quen se proxecta no neno cara ó futuro. Matapitos, espilido como é, atopará a maneira de escapulirse sen o traxe.

Regresa a escena ó final do segundo lance; precede ó coro de mariñeiros para anunciarlos. Alí é testemuña muda de como éstes se opoñen a emendar o retrato e de como lle mercan con "diñeiro limpo e relucinte, con ouro e prata do mar" o retallo correspondente á fiestra obxecto de litixio, símbolo da súa identidade colectiva. O pícaro observa como o recorta o Gerreante coa punta da faca e como se marchan con el, deixando a "fiestra valdeira". Pero despois deste grande acerto plástico e dramático, aínda Dieste vai afinar moito máis para pechar o acto. Ó ficar só, don Miguel, confundido, desconcertado, chama polo neno. Éste, que estaba agachado detrás do cadro, asoma polo buraco baleiro da fiestra e responde: "¡Estou eiquí!" Nada podría expresar mellor o acontecido. Matapitos fundiu o plano real co simbólico. Deu xusto na dorosa ferida, aínda sangrante, de don Miguel. A ocorrencia e a inxenuidade, non exentas de malicia, producen un excelente efecto cómico, que axiña se convirte en humorístico debido á dor de don Miguel. A identidade do vello mariñeiro ficou mutilada, ó serlle extirpadas as súas raíces, razón da súa existencia, da súa integridade, do seu equilibrio. No burato-espello ve xurdir a imaxe do neno, do neno que el foi e do que desexa ser, xusto no centro do grande baleiro, no ferido baleiro da súa alma, pois el mesmo é todo o cadro, como pouco antes expresara.

Despois dunha breve intervención no terceiro lance, no que manifesta o seu interese de chegar a ser navegante, Matapitos non volve saír ata o final da comedia, que pecha precisamente el. O conflito solucionouse ó rectificar a familia de don Miguel e restableceuse o equilibrio. Matapitos ven co mandado do crego de ofrecerlle ó seu señor unha borla do estandarte, de par



HORA DE ESPAÑA

REVISTA MENSUAL

AVDA. PABLO IGLESIAS, 12 — VALENCIA — TELÉF. 16062

CONSEJO DE COLABORACIÓN

LEÓN FELIPE. JOSÉ MORENO
VILLA. ANGEL FERRANT. ANTONIO
MACHADO. JOSÉ BERGAMÍN. T. NAVARRO TOMÁS. RAFAEL ALBERTI. JOSÉ F. MONTESINOS. ALBERTO. RODOLFO HALFTER. JOSÉ GAOS. DÁMASO ALONSO. LUIS LACASA.

REDACCIÓN: M. ALTOLAGUIRRE. RAFAEL DIESTE.
A. SÁNCHEZ BARBUDO. J. GIL-ALBERT. RAMÓN GAYA.

SECRETARIO: *ANTONIO SÁNCHEZ BARBUDO*

SUSCRIPCIÓN ANUAL EN ESPAÑA Y AMÉRICA, 12 PTAS.
SUSCRIPCIÓN ANUAL EN OTROS PAÍSES, 18 PESETAS

Contraportada del primer número d' Hora de España.

do boticario. Don Miguel non acepta; prefire levar unha anda a carón de Caramañola. O xesto, de inequívoco significado, contradíse, sen embargo, co que efectúa seguidamente: agasalla ó neno cos mil pesos do retrato que os mariñeiros non queren, para que se faga "navegante, capitán dun navío ben grande". Claro que, nunha obra de carácter tan simbolista, as lecturas non se deben facer tan só no sentido realista. Hai sempre un entrenzado entre un e outro, entre o plano real e o plano simbólico, pero en arte cómpre priorizar este último na xerarquía estética. Malia que o desclasamento constitúe o xermolo do conflito (xerado xa na conciencia do indiano no momento de enriquecerse), hai que entender que é o mar, situado nunha simbólica estancia superior, o elemento catalizador de tódolos aspectos culturais comúns que lle conceden a identidade como pobo a un grupo de xente. A comedia finaliza coa alegría festiva que espertan unha grande cantidade de bandeiras que ondean nos barcos de pesca e coa aseveración por parte do protagonista de que hai bo nordés. Remáchao o adverbio afirmativo final de Matapitos, que amplifica e proxecta cara ó futuro a ledicia, a ilusión e o optimismo, nun roncel de esperanza. Anúnciase, ó parecer, a chegada dun próspero "tempo dos vellos" diestiano. Sen dúbida algunha, ese é o "remate ledó" ó que alude o subtítulo da comedia.

Coido, pois, que Matapitos posúe unha grande importancia na composición de *A fiesta valdeira*. Dalle variedade, ambiéntaa, coloréaa e proporcionalle perspectiva crítica. Establece en todo momento unha corrente empática entre o escenario e a sala, que fai aumentar a participación emotiva do espectador, unha das preocupacións estéticas de Dieste (e non só nesta comedia). Convertido en eixe humorístico da obra, este personaxe do rillote empuxa a acción, imprímelle dinamismo coas súas rápidas entradas e saídas, anuncia súpetos acontecementos. Por todo iso, e algunhas outras cousas, como a súa relación de familiar confianza co protagonista, recorda de forma inevitable a figura do donaire das comedias áureas. A función dramática do neno dos mandados no só é moi semellante á do criado gracioso do Barroco español, senón que mesmo acada unha categoría equivalente na composición da obra.


Con este breve achegamento a un personaxe secundario da "comedia de remate ledó" de Rafael Dieste, agardo ter ofrecido unha pequena idea do rigor e minuciosidade con que estruturaba este admirado autor, porvirista, fiel á súa época tanto ética como esteticamente.

ESCENARIS

A la secció "Escenaris" mirem de comentar aquelles propostes o autors que per la seva importància o per haver passat massa desapercebuts, creiem que hem de valorar o destacar.

La portada d'aquest volum la dediquem a l'espectacle *Klowns*, que s'ha representat, en dues temporades diferents, al Teatre Lliure (durant el Festival Grec 97 i al final del 98 i començament del 99). Dos grans pallassos joves destaquen d'aquest atractiu espectacle que recupera l'essència i fascinació última circenses. En el moment d'escriure aquest comentari hi ha tres espectacles de circ a la cartellera barcelonina, fet que és un gran motiu d'alegria. Encara podríem afegir l'espectacle unipersonal de la gran pallsa Pepa a la Sala Muntaner. L'espectador pot triar una opció tradicional i plena d'encant, la que fa el Circ Raluy en un marc molt bell de reconstrucció històrica. L'excel·lent espectacle d'aquest circ queda absolutament valorat i potenciats a alts nivells de categoria per la recuperació de la gran figura de Paulina Schumann, filla de l'inoblidable pallasso Charlie Rivel. El Circ Crac presenta un espectacle que manté l'esperit renovador que mira, malgrat l'absència de Tortell Poltrona, de valorar fins i tot la dimensió literària de l'espectacle teatral en ús, ens referim a *La nit de les mil llunes*, que el públic ha pogut admirar al Mercat de les Flors durant el Nadal de 1998. Finalment hi ha l'espectacle que destaquem de Monti & Cia amb la gran personalitat, com a eix central, de Joan Montanyès. Atès que no és fàcil de trobar comentaristes de circ, hem demanat a Jordi Janer, el qual està ocupant amb gran autoritat el lloc buit deixat per l'admirat Sebastià Guasch, que ens en faci una remarca. Agraïm al diari *AVUI* el fet d'haver-nos permès de publicar la crítica de l'estrena de *Klowns*.

Esperem que, en el futur, podrem donar als espectacles de circ el ressò i la importància que la revista creu que aquesta faceta del món de l'espectacle té.



Portada del programa del Circo Raluy.



La nit de les mil llunes. Circ Crac. Mercat de les Flors. Barcelona, del 17 de desembre de 1998 al 3 de gener de 1999. (Fotografia cedida pel Mercat de les Flors).